

BRUNO SPERANI

A obra

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Á PONTE

Unha fresca airexa inchaba as fundas dos albaneis reunidos naquela encrucillada da rúa da Porta Garibaldi á que, por un antigo e tradicional costume, lle chamaban, «a Ponte».

Era o último luns de marzo e ía friaxe, especialmente a aquelas primeiras horas do día.

Os homes fumaban nas súas cachimbas de mármore, de terracota ou de xeso, ou mascaban tabaco, camiñando arriba e abaixo para non quedar entalados. Os rapaces tentaban conversar un pouco, mais sen moito empeño e aínda medio adurmiñados.

Co paso dos minutos, a ringleira ía en aumento. Albaneis, artesáns, peóns e aprendices chegaban de todas as partes, dende o fondo da Porta Vercellina e da Porta Vittoria, e en maior número do populoso Borgo degli Ortolani¹ e das campías da contorna.

Acudían á Ponte por mor dunha vella usanza, para se mostraren coma escravos no mercado. Só faltaban os que tiñan traballo fixo para bastante tempo, os empregados

¹Tanto a Porta Garibaldi mencionada liñas arriba, coma a Porta Vercellina e a Porta Vittoria son os nomes dalgunhas das portas principais da cidade de Milán. O Borgo degli Ortolani era unha aldea situada ao norte, fóra das murallas pero case pegada a elas. Estas referencias sitúan xa o espazo onde se desenvolve o relato.

dalgún capataz e os que adoitaban descansar os luns, é dicir, os que por beber de máis o domingo quedaban na casa ao día seguinte para se recuperaren da bebedela ou continuaren coa esmorga.

Os alí congregados agardaban polos capataces e contratistas, que axiña chegarían para facer a súa escolla. Salientaban os rostros tranquilos dos bos traballadores, certos do seu valor; as miradas vagamente perdidas dos desalentados, apoucados por mor do infortunio; o sorriso impertinente ou fato dos viciosos medio aloulados e dos ineptos aínda animosos. En xeral, mantiñan a esperanza de conseguir ocupación, pois non había traballo para todos. Alén do barrio do Lazareto², onde as casas se erguían nun abrir e pechar de ollos, fabricábase por todas as partes, e xa se falaba de novos barrios que reconstruír ou crear do nada.

Así pois, os albais podían estar contentos, mais non o estaban. Eran moitos os que se queixaban das insufribles condicións nas que os tiñan os capataces: non só lles pagaban pouco e debían traballar arreo, senón que as desgrazas acontecían con tremenda frecuencia a causa dos cativos materiais empregados, a excesiva présa e a especulación esaxerada, que sacrifica calquera cousa polo mínimo gasto e a maior ganancia.

²O Lazareto de Milán foi construído a finais do século XV e comezos do XVI como refuxio para os enfermos durante as epidemias e utilizado como lugar de atención ao longo dos anos para as sucesivas pestes que se estenderon pola cidade. En 1797 foi expropiado por Napoleón para a Administración Xeral da Lombardía e posteriormente dedicouse a diversos usos militares. En 1812 pasou a ser propiedade do Ospedale Maggiore, que tratou de vendelo nunha poxa que quedou deserta. Co aumento da poboación de Milán, o 28 de abril de 1881 foi adquirido pola Banca di Credito Italiano e parcelado para edificar novos edificios populares. Tras se aprobar o plano regulador da zona, na primavera de 1882 comezou a súa demolición.

